

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE MARZO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaseis de marzo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

trece horas vinte minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de marzo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DE ASIGNACIÓN CON CARGO AO FONDO ADICIONAL DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 9 de febreiro de 2023 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no

artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (DOG núm. 34, do 17/02/23).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a asignación da cantidade de CENTO NOVENTA E NOVE MIL OITENTA E SETE EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (199.087,23 €) para a execución do investimento denominado *“Cambio de cuberta e instalación solar fotovoltaica para autoconsumo no polideportivo do Concello de Rodeiro”*, ao abeiro da Liña 1 do Fondo.

Segundo.- Aprobar a memoria técnica explicativa da obra e o seu orzamento, redactados polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA O PROGRAMA “CULTURA NO CAMIÑO 2023”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 1 de marzo de 2023 da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2023 (DOG núm. 52, do 15/03/23), e a conveniencia de solicitar dita axuda para financiar a contratación de actuacións que contribúan á promoción das artes escénicas e musicais (teatro, música, danza, novo circo ou maxia) a desenvolver entre os días 15 de xuño e 31 de agosto de 2023. Agadic financia o 50 % do caché de cada actividade programada

(mínimo de dúas), por importe mínimo de 5.000,00 €, IVE incluído, e sen que a subvención total supere a cantidade máxima de 2.500,00 €.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) unha subvención económica por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), para a contratación de actuacións dentro do programa “*Cultura no Camiño 2023*”.

Segundo.- Comprometerse, no suposto de ser beneficiarios da axuda solicitada, a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto das actividades ata o importe total de execución.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do presente acordo.

4.- RENUNCIA A TÍTULO HABILITANTE DE NATUREZA URBANÍSTICA

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 9 de abril de 2021, concedeuse a Don JOSÉ CAMIÑAS SÁNCHEZ, con DNI núm. [REDACTED], a declaración de eficacia da comunicación previa presentada para a execución de obras de REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Faílde, parroquia do Salto. En data 12/04/21 practicouse a correspondente liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), por importe de 1.073,95 €, calculada sobre o presuposto de execución material da obra achegado polo solicitante que ascendía á cantidade de 53.697,66 €. Dita liquidación foi satisfeita polo interesado en data 18/06/21.

Con data 16 de febreiro de 2023 (RE núm. 257) o interesado solicita a súa anulación, desistindo na realización da obra autorizada. O arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias emite informe con data 13/03/23 acreditando que as obras amparadas polo dito título habilitante non foron executadas.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a declaración de eficacia da comunicación previa de execución de obras de REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Faílde, parroquia do Salto, instada por Don JOSÉ CAMIÑAS SÁNCHEZ, concedida por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 9 de abril de 2021, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

Segundo.- Anular a liquidación do ICIO, por importe de MIL SETENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.073,95 €), practicada pola Intervención municipal en data 12 de abril de 2021, ao non terse producido o feito impoñible do imposto, e ordenar o seu reintegro ao solicitante.

5.- AUTORIZACIÓN PARA AMPLIACIÓN DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

VISTA a instancia presentada por Dona Lucía Vázquez Conde, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego (RE núm. 427, do 14/03/23), pola que solicita a ampliación da xornada que ten asignada a súa filla Paula Bernárdez Vázquez como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2022-2023, pasando da quenda de mañá inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na quenda solicitada, de conformidade co informe favorable emitido pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 14/03/23, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de abril de 2023.

6.- AUTORIZACIÓN PARA TRANSMISIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI E SUBSTITUCIÓN DO VEHÍCULO ADSCRITO Á MESMA

ANTECEDENTES

1.- Dona María Aurora Fafián Calvo, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicitou con data 28 de outubro de 2022 (RE núm. 1744) a transmisión *inter vivos* da licenza municipal de taxi núm. 1, da que é titular, a favor de Don Félix Fernández García, con DNI núm. [REDACTED] e con enderezo no lugar de Arcas, parroquia de Guillar. Dita solicitude foi completada en datas 21/11/22 (RE núm. 1868), 29/11/22 (RE núm. 1903), 12/12/22 (RE núm. 1974), 19/01/23 (RE núm. 82) e 14/03/23 (RE núm. 426).

2º.- A licenza foi outorgada inicialmente a Don Vicente Calviño Otero por acordo do Pleno do Concello adoptado na sesión realizada o día 28 de setembro de 1935.

3º.- Con posterioridade á concesión inicial, consta no expediente que a licenza foi transmitida en dúas ocasións: a favor de Don José Fernández Diéguez, por acordo de data 28 de marzo de 1984; e posteriormente a favor de Dona María Aurora Fafián Calvo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2011.

4º.- A licenza atópase en vigor a esta data e figura adscrita ao vehículo marca VOLKSWAGEN, modelo PASSAT, con matrícula 3912GPX e co número de bastidor [REDACTED], substitución autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de outubro de 2009.

5º.- Solicítase asemade a substitución do vehículo sinalado no apartado anterior por outro de nova adquisición coas características seguintes:

TITULAR: FÉLIX FERNÁNDEZ GARCÍA

MARCA: VOLKSWAGEN

MODELO: T-ROC

MATRÍCULA: 2962LWP

DATA DA PRIMEIRA MATRICULACIÓN: [REDACTED]

NÚMERO DE BASTIDOR [REDACTED]

6º.- O vehículo anteriormente especificado cumpre cos requisitos legalmente establecidos para autorizar a súa substitución en relación á súa antigüidade e a súa adaptación ás condicións esixidas para a prestación do servizo.

7º.- Por Resolución da Alcaldía de data 12/01/23, efectuouse proposta de resolución favorable para a transmisión *inter vivos* da dita licenza municipal de taxi e a substitución do vehículo, e solicitouse á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a emisión do informe vinculante sobre a procedencia de transmitir a autorización interurbana con substitución do vehículo adscrito, de conformidade co previsto no artigo 17.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turismo de Galicia (LTPG).

8º.- Con data 13/01/23 o Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en Pontevedra emite o informe favorable ao outorgamento da correspondente transmisión da autorización VT-N a favor do solicitante.

9º.- Requiriuse a Don Félix Fernández García con data 17/01/23 (RS núm. 27) a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos legalmente esixibles para completar o trámite que solicita.

10º.- O interesado achega a documentación requirida en datas 19/01/23 (RE núm. 82) e 14/03/23 (RE núm. 426).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 17.1 da LTPG dispón textualmente: *“Previa autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e acredite que cumpre cos requisitos para ser titular destes segundo o establecido na presente Lei. Dita transmisión no terá a consideración de outorgamento de novos títulos (...)”*.

Segundo.- O artigo 17.3 do mesmo texto legal establece que para dita transmisión dos títulos habilitantes a persoa interesada solicitará, en primeiro lugar, o da licenza municipal de taxi.

Terceiro.- O artigo 26 da LTPG dispón que os vehículos adscritos ás licenzas de taxi poderán ser substituídos por outros, previa autorización do

órgano concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Cuarto.- Asemade, o artigo 17.5 da citada Lei sinala que “(...) unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo Concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a Xunta de Galicia resolverá sobre a transmisión da autorización interurbana de taxi (...)”.

Quinto.- O Regulamento da LTPG, aprobado por Decreto 103/2018, do 13 de setembro (DOG núm. 187, do 01.10.2018), establece nos seus artigos 11 e 31 os procedementos para a transmisión e substitución, e a obriga da tramitalos a través do procedemento coordinado establecido no artigo 3 do mesmo Regulamento.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Autorizar a transmisión da licenza municipal de taxi número 1 que ostentaba Dona María Aurora Fafián Calvo, a favor de Don Félix Fernández García, con DNI núm. [REDACTED] e con enderezo no lugar de Arcas, parroquia de Guillar.

Segundo.- Dispoñer a inscrición da nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Terceiro.- Autorizar asemade a substitución do vehículo adscrito a dita licenza por outro de nova adquisición coas características sinaladas no antecedente quinto do presente acordo.

Cuarto.- O presente acordo queda condicionado, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular e a súa adscrición ao vehículo sinalado no antecedente quinto do presente acordo. O vehículo deberá cumprir as seguintes condicións:

- a) Deberá cumprir coas características e condicións que, para os vehículos de servizo público, se establecen na Sección 2ª do Capítulo III do Regulamento da LTPG.
- b) Deberá portar en lugar visible a placa de servizo público ou o distintivo “SP”.

Quinto.- Aprobar a liquidación da taxa por transmisión de licenzas de taxi por importe de TRESCENTOS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (300,51 €).

7.- ACORDO DE OUTORGAMIENTO DE VISADO PERIÓDICO DE LICENZA MUNICIPAL DE TAXI

Consta no Rexistro municipal a seguinte solicitude de visado periódico de licenza municipal de taxi:

— Jesús Diéguez Osorio (RE núm. 420, do 13/03/23).

Achega declaración responsable por el asinada na que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi e que dispón da documentación que así o acredita.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e artigo 14.3 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Outorgar o visado periódico da seguinte licenza municipal de taxi:

LICENZA	TITULAR	DNI	MATRÍCULA DO VEHÍCULO
3	JESÚS DIÉGUEZ OSORIO	██████████	1069 KVR

Segundo.- Proceder a anotar o visado no Rexistro de Títulos Habilitantes.

8.- MODIFICACIÓN DA PORCENTAXE DE REDUCIÓN E DA CONCRECIÓN HORARIA NO GOCE DE PERMISO DE REDUCIÓN DE XORNADA POR RAZÓNS DE GARDA LEGAL

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 8 de febreiro do corrente, concedeuse á traballadora laboral indefinida do Concello, coa categoría de auxiliar do SAF, Dona Laura Eiriz Sobrado, con DNI núm. ██████████, unha cuarta prórroga de dous anos, ata o día 23 de febreiro de

2025, no permiso concedido no seu día para a redución da súa xornada laboral de traballo por razóns de garda legal en virtude de coidado directo de filla menor de doce anos. No dito acordo establecíase asemade, a instancia da traballadora, que a súa xornada laboral da traballadora sería de 25 horas semanais, a desempeñar entre luns e venres no horario de 9:30 a 14:30 horas.

Con data 13 de marzo de 2023 (RE núm. 421) a traballadora solicita a modificación do horario actualmente en vigor, pasando a realizar unha xornada laboral semanal de 31 horas e 15 minutos, prestada de luns a venres, en horario de 9:30 a 15:45.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que o artigo 37.7 do Estatuto dos Traballadores configura a porcentaxe de redución da xornada e a súa concreción horaria como un dereito da traballadora, e que o solicitado cumpre cos límites legalmente establecidos, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o cambio da xornada laboral a desempeñar pola traballadora durante o goce do permiso concedido a unha semanal de 31 horas e 15 minutos, prestada de luns a venres.

Segundo.- A concreción horaria queda fixada nunha xornada diaria a desempeñar entre 9:30 e 15:45 horas.

Terceiro.- A data de efectos do cambio autorizado queda fixada no día 1 de abril de 2023.

Cuarto.- Axustar a diminución proporcional das retribucións da traballadora á nova xornada laboral.

Quinto.- Comunicar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a modificación autorizada, se procede.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á solicitante aos efectos oportunos.

Sétimo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

9.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS NO ANO 2022

ANTECEDENTES

1. Por Resolución da Alcaldía de data 12 de decembro de 2022 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2022.
2. Dita convocatoria e bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 239, correspondente ao día 16 de decembro de 2022.
3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	DATA	NÚM. REXISTRO
BALONMÁN RODEIRO	████████	Competicións federadas	24/01/23	E – 51
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	████████	Competición federada	24/01/23	E – 52
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	████████	Competicións federadas	24/01/23	E – 56

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíriúselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Segundo.- Conceder subvencións para actividades deportivas desenvolvidas no ano 2022 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE XUSTIFICADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
BALONMÁN RODEIRO	████████	Competicións federadas	13.185,74 €	10.548,59 €

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	CANTIDADE XUSTIFICADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN RECREATIVA RODEIRO C.F.	██████	Competición federada	6.898,30 €	5.518,64 €
ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO	██████	Competicións federadas	2.241,68 €	1.793,34 €

10.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NA CONVOCATORIA PARA O FINANCIAMENTO E PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2023, publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 23 de febreiro do corrente, e da conveniencia de solicitar a participación do Concello na convocatoria para proporcionar, a través dos servizos sociais municipais, apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poder atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños do Concello, xestionadas a través dos servizos sociais comunitarios, que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que solicitan as axudas, con prioridade a familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela.

Segundo.- Solicitar a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e a cantidade de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, destinados á tipoloxía das axudas establecidas na base sexta das mencionadas Bases.

Terceiro.- Autorizar á Deputación de Pontevedra a comprobar o cumprimento por parte do Concello das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.

11.- ADHESIÓN AO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes das Bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023 (BOP núm. 38, do 23/02/23), e da conveniencia de adherirse a dito Plan ao obxecto de acadar o cofinanciamento de parte dos servizos sociais comunitarios, concretamente para os postos de traballo de educadora social e auxiliar administrativo, así como para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade de prestación básica.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Segundo.- Adherirse ao Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais da Deputación de Pontevedra para o 2023, de acordo coas bases establecidas na convocatoria e solicitando as cantidades reflectidas no proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais que se achega, que constitúen un total de TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (32.899,03 €).

Terceiro.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e completar coa súa achega económica os módulos que se financiarán.

Cuarto.- Aceptar os compromisos de publicidade que se establecen na Base décimo quinta.

Quinto.- Autorizar á Deputación de Pontevedra a comprobar o cumprimento polo Concello das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e a Seguridade Social.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente.

12.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada por Don JOSÉ GUERRA VIANA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Farán, parroquia de Arnego (RE núm. 435, do 16/03/23), pola que solicita a devolución da garantía constituída a favor deste Concello mediante aval da entidade financeira CAIXANOVA, estendido con data 05/11/07 (registro núm. [REDACTED]), por importe de CATROCENTOS VINTE E SEIS EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (426,67 €), en concepto de garantía definitiva para responder das obrigacións derivadas do cumprimento do contrato da obra de “Acondicionamento do Centro Cultural Municipal e da antiga Cámara Agraria de Rodeiro”, incluída no PAM 2007. Tendo en conta o establecido no artigo 111 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución ao solicitante.

13.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ULLA OIL S.L. 873,49 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 43881 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 45,89 €, 45,89 € E 42,83 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 45,89 €, 45,89 € E 42,83 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ 42,83 € E 42,83 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 € E 42,83 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- INÉS VENCE LAMAS 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- RAQUEL BLANCO VALLADARES 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ÓSCAR GARCÍA MEIJOMIL 1.488,30 €
Por traballos de retirada de papeleiras vellas e instalación de novas no casco urbano de Rodeiro, s/factura núm. 001/2023.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.039,46 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de febreiro de 2023, s/factura núm. 2023/0445 (FACe).
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 9.168,17 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Vilachá, Covelos e Fafián, s/factura núm. 23009.
- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 3.073,40 €
Por traballos de acondicionamento de camiños municipais en Calque, Rañestras, Toiriz (Arnego), estrada Camba-Vilela, e limpeza das pontes de Barbeitos, Penerbosa e A Penela, s/factura núm. 1.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 6.001,50 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000162 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 1.839,92 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000037 (FACe).

- TRANSPORTES PEDREIRA BATÁN S.L. 17.956,40 €

Por transporte de materiais para obras en camiños municipais, s/factura núm. 9 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)